



## REGULAMENTO HOLI GAIÁS 2023

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia organiza o sábado 3 de xuño de 2023, a quinta edición da Carreira Holi Gaiás, unha proba lúdica e deportiva que empregará polvos certificados Holi Gulal de cores durante o percorrido, así como animación tanto antes como despois da mesma.

A proba estará suxeita ao seguinte regulamento:

1. Poderán participar atletas federados e non federados. As probas estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces (Federación Galega de Atletismo).
2. A **saída** e **meta** da proba será na Cidade da Cultura (Praza Central).
3. A **hora de inicio da carreira** será ás 12 h.
4. A **idade mínima** para poder formar parte da proba será a das persoas nadas antes do 31 de decembro de 2013. A organización non se fará responsable dos atletas menores da idade mínima esixida neste regulamento, polo que non poderán participar na proba.
5. Haberá unha proba conxunta única, na que as **categorías** e **horarios** serán os seguintes:

CATEGORÍA		ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORA
Infantil	Masculina	Do 2008 ao 2013	5 km aprox.	12:00 H
	Feminina			
Adultos	Masculina	2007 e anteriores		
	Feminina			
ENTREGA DE PREMIOS APROXIMADAMENTE ÁS 12:45 HORAS				

## 6. INSCRICIÓN

Os **prezos** da inscrición en calquera das categorías será de 5€/persoa. Contan cun desconto do 20% (4€) para os seguintes colectivos\*:

- Membros do Club Gaiás.
- Persoas xubiladas.
- Persoas en situación de desemprego.
- Persoas con discapacidades.
- Familias numerosas.
- Titulares do carné de estudante.
- Carné Xove.

\*A documentación que acredita a bonificación será requirida por [carreirasgalegas.com](http://carreirasgalegas.com)

As persoas interesadas na carreira deberán cubrir o formulario cos datos requeridos e finalizar o proceso de inscrición en [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com).

Máis información en:

- [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)
- [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)
- [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

A organización establecerá un límite de **900 participantes** na proba. Unha vez chegada a esa cifra pecharase a pasarela de inscrición.

Para calquera dúbida ao respecto do proceso de inscrición poderán poñerse en contacto no teléfono 881 997 584 (Centraliña Cidade da Cultura de Galicia), ou no correo electrónico [actividades@cidadedacultura.org](mailto:actividades@cidadedacultura.org).

**Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido, marcado para o 31 de maio ás 23:59 h nin se admitirán inscricións o día da proba.**

## 7. PREMIOS

Existirán premios para:

- 3 primeiros clasificados na categoría infantil masculina. (5 km aprox.).

- 3 primeiras clasificadas na categoría infantil feminina. (5 km aprox.).
- 3 primeiros clasificados na categoría adulta masculina. (5 km aprox.).
- 3 primeiras clasificadas na categoría adulta feminina. (5 km aprox.).

#### 8. DORSAIS DE PARTICIPACIÓN

A recollida de dorsais de participación realizarase nos seguintes prazos e lugar:

- LUGAR: Cidade da Cultura de Galicia, Edificio do Museo, Sala Rega 1.
- Horarios e datas: Venres 2 de xuño de 16:30 h a 20:30 h.  
Sábado 3 de xuño de 9:30 h a 11:00 h.

**RECOMÉNDASE RECOLLER O DORSAL O VENRES 2 PARA EVITAR AGLOMERACIÓNS DE ÚLTIMA HORA O DÍA DA CARREIRA**

#### 9. CIRCUÍTO

O circuítto estará publicado nas páxinas webs [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

10. A organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento. Queda **totalmente prohibido correr na proba sen estar previamente inscrito.**
11. Todo o non recollido no presente regulamento rexerese pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.
12. Está totalmente **prohibido correr con animais.**
13. Aplicarase o protocolo fisiocovid vixente na data de celebración da proba.

#### RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade. A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

#### CONFORME E AUTORIZACIÓN DE DATOS E IMAXES

Todos os corredores e corredoras mediante a aceptación expresa no proceso de inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Igualmente coa inscrición, os participantes consenten

que a publicación do seu nome e imaxe sexa cedida a terceiras entidades colaboradoras da carreira para a publicación en medios de comunicación e/ou internet aos únicos efectos de difundir e promover de forma específica ou xenérica a actividade e os resultados da mesma. Para este fin, as entidades colaboradoras poderán contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día da actividade.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente mediante a aceptación expresa no proceso de inscrición que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta.

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS</b>	
Responsable do tratamento	Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
Finalidades do tratamento	Difusión e promoción de actividades da Cidade da Cultura, traslado dos datos á Federación Galega de Atletismo para a entrega de dorsais, as clasificacións e a tramitación do seguro.
Lexitimación para o tratamento	Consentimento das persoas interesadas.
Persoas destinatarias dos datos	Persoal do Departamento de Acción Cultural e persoal da Federación Galega de Atletismo.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificara e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.